

En relación ás **piscinas situadas nos concellos afectados polas restriccións establecidas nos anexos II e III da orde do 4 de novembro de 2020:**

NORMATIVA:

No punto 5 do anexo II da dita orde (Medidas de prevención específicas nos concellos a que se refire o número catro do punto segundo da presente orde) enúnciase o seguinte:

5. Actividades e instalacións deportivas

A práctica da actividade física e deportiva non federada ao aire libre poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes, sen contar, se é o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva de forma individual, sen contar, se é o caso, o monitor, sen contacto físico, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias par procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Ademais, **no anexo III de dita orde** (Peche temporal de actividades non esenciais nos concellos a que se refire o número catro do punto segundo da presente orde) establécese o seguinte:

1. Nos concellos a que se refire o número catro do punto segundo da presente orde adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estenda a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades (conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia):

III.2.2.7 Piscinas recreativas de uso colectivo

2. Quedan por tanto exceptuados destas limitacións as seguintes actividades e establecementos, que poderán continuar abertos:

III.2.2.6 Piscinas de competición

PREGUNTAS FRECUENTES:

1) ¿Pode estar aberta unha piscina sen gradas pero na que entrenan deportistas federados?

Si, por tratarse de actividade deportiva federada.

2) ¿Pode estar aberta unha piscina que non dispoña de gradas?

Si, sempre que só se use para actividades deportivas individuais e non para actividades recreativas. Deberase gardar a distancia interpersoal de seguridade e sen superar o 50% do aforo máximo permitido.

3) ¿Pode estar aberta unha piscina dun colexio ou universidade (ensino reglado) que ten módulos formativos con prácticas en piscina (INEF, TAFAD...)?

Si, os centros educativos reglados quedan fóra do ámbito de aplicación da Orde do 4 de novembro e poderían desenvolver a súa actividade, seguindo as recomendacións para a práctica deportiva específica da correspondente federación deportiva.

4) ¿Pode estar aberta unha piscina dun centro deportivo no que se faga natación de forma individual?

Si, sempre que só se usen para actividades deportivas individuais e non para actividades recreativas. Deberase gardar a distancia interpersoal de seguridade e sen superar o 50% do aforo máximo permitido.

5) ¿Poden estar abertos os spas e jacuzzis?

Non, son piscinas recreativas de uso colectivo.

6) ¿Poden estar abertas as piscinas terapéuticas?

Só as de centros sanitarios, que quedan fóra do ámbito de aplicación da Orde do 4 de novembro. Serían de uso individual, con prescripción por persoal sanitario e seguindo os protocolos específicos do centro.

7) ¿Poden estar abertas as piscinas de espazos educativos con formación non reglada (aprendizaxe de bebés /actividade lúdica/ tempo libre para nenos)?

Non, unicamente se realizan actividades deportivas individuais e non para actividades recreativas. Deberase gardar a distancia interpersoal de seguridade e sen superar o 50% do aforo máximo permitido.

8) As piscinas dos hoteis, ¿poden seguir abertas para realizar actividade física?

Si, sempre que só se usen para actividades deportivas individuais e non para actividades recreativas. Deberase gardar a distancia interpersoal de seguridade e sen superar o 50% do aforo máximo permitido.

9) Nas piscinas que poden seguir abertas, ¿pódense impartir cursos (natación,

mantemento, aquagym...)?

Non, só están permitidas as actividades deportivas individuais sen contacto físico sen contar, se é o caso co monitor e gardando a distancia interpersonal de seguridade e sen superar o 50% do aforo máximo permitido.

10) En instalacións con máis dun vaso, ¿as restriccións son individuais por vaso?

Si, só poderían estar abertos os vasos nos que se leva a cabo actividade deportiva de xeito individual.

11) ¿Pódese realizar natación deportiva federada de forma colectiva?

Si, as condicións da práctica de actividade deportiva federada réxense polo protocolo Fisiocovid-Dxtgalego aprobado pola correspondente federación deportiva e está exenta das restriccións de agrupacións de persoas establecidas no punto 2º do Decreto 179/2020.